

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

A. Obxecto

Definir a sistemática da Universidade de Vigo, para levar a cabo a investigación dos incidentes (accidentes, e accidentes en branco), así como as comunicacións derivadas.

B. Alcance

A realización da análise de calquera incidente (accidente, e cuasiaccidente) en calquera dos seguintes casos:

- Incidentes laborais do persoal da Universidade de Vigo, con independencia de onde se teña producido.
- Incidentes laborais do persoal doutras empresas, cando se produzan nas instalacións da Universidade de Vigo.
- Incidentes doutros colectivos (estudantes, e/ou visitas), cando se produzan nas instalacións da Universidade de Vigo.

A realización das comunicacións pertinentes, tanto de carácter interno (salientando as referidas aos/as Responsables dos centros, ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e ao Comité de Seguridade e Saúde), coma externo (en especial, as vinculadas con outras empresas, e coa autoridade laboral competente).

	Nome	Data	Selo Sinatura	e
Elaborado por Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010		
Revisado por Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011		
Aprobado por Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011		

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011


C. Histórico de revisións

Edición primeira.

D. Documentación de referencia

Estándar OHSAS 18001.

E. Contido



Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

F. Comentarios do gráfico

1- O termo incidente correspóndese co empregado no estándar OHSAS 18001, e engloba tanto os accidentes, como os accidentes en branco (que en terminoloxía preventiva tamén poden atoparse coa denominación de incidentes, ou cuasiaccidentes).

2- Os casos en que se teñan producido enfermidades profesionais, tamén serán obxecto deste procedemento, e por tanto de investigación.

3- A comunicación do incidente por parte dos traballadores/as á Xerencia, poderá ser cursada a través da/do responsable directo superior, pero debe de primarse en todo caso, a eficacia e axilidade da posta en coñecemento do incidente, polo que darase preferencia a comunicación inmediata do mesmo.

4- Nos incidentes laborais derivados de outras empresas relacionados con traballos baixo a supervisión ou control da Unidade Técnica, esta poderá substituír, en primeira instancia, á figura da Xerencia no referido á coordinación da comunicación inicial do incidente. En canto sexa posible, a fin de propiciar unha actuación unificada, a Unidade Técnica cederá as xestións seguintes pendentes de realizar á Xerencia a través do Director da Área de Obras, Instalacións e Infraestruturas.

5- Nos incidentes laborais derivados de outras empresas, relacionados con outros traballos distintos aos de Reformas, Ampliacións, ou Melloras (RAM), por exemplo: mantemento, e prestación de servizos diversos, así como os incidentes non laborais doutros colectivos (estudantes e/ou visitas) a Xerencia asume igualmente a coordinación da comunicación inicial do incidente.

6- A instrución IPRL-07-01, detalla os pasos a seguir polo persoal de Xerencia para realizar os trámites oportunos en canto á coordinación das comunicacións tanto internas, coma externas.

7- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais, realizará a investigación recollendo a información necesaria que estime pertinente, e contando coa participación de todas aquelas partes que estime oportunas (outros técnicos/as de PRL, outros expertos ou expertas, persoal vinculado co centro ou os traballos, outras empresas, etc.), incluíndose por defecto, á/ao afectado (sempre que sexa posible), así como á/ao responsable directo superior, e ás testemuñas do incidente, se as houbese. Ademais deberase evidenciar que os delegados/as de prevención puideron participar adecuadamente na investigación. O Servizo de Prevención de Riscos Laborais seguindo os criterios técnicos mais oportunos en función de cada caso, decidirá se a investigación se rexistra no documento-rexistro DRPRL-07-02, ou se elabora nun informe aberto (tenderase a empregar o documento-rexistro DRPRL-07-02 para os incidentes de carácter leve, recomendándose o informe aberto para os restantes incidentes).

8- A Universidade de Vigo realizará unha investigación propia para todos os casos, ou ben, nos incidentes laborais doutras empresas, participará na investigación efectuada polas referidas empresas, para asumir, e validar a investigación resultante.

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

9- O prazo máximo no que se debe realizar, e dispoñer do informe final de investigación do incidente está en función da gravidade do mesmo:

- Con carácter xeral, o prazo máximo non poderá superar os 15 días (incidentes de carácter leve).
- Con carácter extraordinario, nos casos con consecuencias graves, ou nos que resulten accidentados cinco o mais persoas, o prazo non deberá superar los 5 días.

10- Cando da investigación inicial, ou do incidente directamente, se derive ou se detecte que se está ante un conflito interpersoal, ou de acoso laboral, actuarase segundo a sistemática definida no Procedemento PPRL19 "Actuacións fronte a conflitos interpersoais, e acoso no traballo".

G. Rexistros

Identificación	Arquivo	Responsable	Recuperación	Tempo
DRPRL-07-01 Notificación interna de incidente	Oficina Xerencia Papel e/ou informático	Xerencia	Por data	5 anos
Notificación accidentes á Autoridade laboral	Oficina Xerencia Informático	Xerencia	Por data	5 anos
DRPRL-07-02 Informe de investigación de incidente	Oficina do SPRL Papel e/ou informático	SPRL	Por data	5 anos

H. Indicadores

Indicador: Desvío do prazo das investigacións de carácter xeral

Definición (ratio)	Unidade de medición	Valor de referencia	Responsable do seu seguimento	Periodicidade
(Investigacións realizadas en prazo / Total de investigacións realizadas) x 100 Un desvío superior a 5 días considerase intolerable.	Puntos porcentuais	> 80%	CSS	Trimestral